

DEPARTAMENTO	INGLÉS
MATERIA OU ÁMBITO	INGLÉS
CURSO E GRUPOS	2º A BACHARELATO - 26 alumnos 2º B BACHARELATO- 23 alumnos
PROFESORADO	Mª Esther Moldes Bello
LIBRO DE TEXTO	"Out and About 2" Cambridge University Press. Student's book and Workbook Ano de implantación - 2016

Índice

1.Introdución e contextualización.....	3
2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
3.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	8
4.Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable	10
5.Concrecións metodolóxicas.....	14
6.Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	17
7.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción.....	18
7.1Criterios de avaliación	
7.2Criterios de cualificación	
7.3Criterios de promoción	
8.Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	20
9.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	21
10.Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	21
11.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	21
12.Medidas de atención á diversidade.....	22
13.Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	25
14.Actividades complementarias e extraescolares.....	25
15.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	25

1. Introducción e contextualización

Introdución xeral

A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliábelos terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.

Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa curricular engádese este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencias clave do currículo de ESO

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias as “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”.

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Escoitar

Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional.

Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais.

Identifica as ideas principais e información específica e relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias.

Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.

Falar / Conversar

Realiza presentacións orais de certa duración e ben estruturadas sobre temas académicos e responde ás preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.

Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás no ámbito persoal, académico e profesional de forma correcta.

Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais achegando información específica, opinións persoais e xustificacións dos seus argumentos.

Exprésase correctamente en conversas de carácter persoal, académico ou profesional nas que participa, utilizando estruturas ben definidas e unha pronuncia clara.

Ler

Identifica a información relevante e implicacións de instrucións, indicacións ou normas de certa extensión e complexidade.

Comprende detalles específicos e implicacións de textos en diferentes soportes.

Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.

Localiza información específica en material de referencia e estudo para as súas tarefas e traballos de investigación.

Entende a idea xeral, información esencial e detalles máis relevantes de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes.

Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.

Escribir

Aplica estratexias de produción para a redacción de textos con información detallada e de certa extensión.

Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información detallada de carácter persoal, académica ou laboral.

Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais.

Escribe textos de certa extensión sobre temas concretos e abstractos, utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Con frecuencia as actividades de **Out & About** están ligadas a procesos matemáticos. Preséntanlle ao alumno tarefas de razoamento e lóxica de certa complexidade, adecuadas ao grao de madurez dos alumnos de Bacharelato, incluídas as tarefas matemáticas, de forma oral e escrita. Así, o curso axuda a desenvolver e fomentar esa competencia.

As **competencias en ciencia e tecnoloxía** consisten en ser capaz de comprender feitos e fenómenos. Implica facer predicións baseadas no que se oíu ou leu en relación aos hábitos alimenticios, a saúde ou o contorno, ou ser consumidores responsables na súa vida cotiá.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Para poder tratar a información e adquirir competencia dixital o alumno debe saber ler, analizar e transmitir a información que extraeu de textos en inglés de todo tipo. Debe estar capacitado para escoller e organizar a información que escoita e le. Á súa vez, esta competencia está directamente relacionada coa integración dos recursos multimedia no proceso de aprendizaxe.

En **Out & About** son moitas as oportunidades para desenvolver esta competencia, entre as que cabe destacar as seguintes: uso do material dixital (*Dixital Student's Book* e *Dixital Workbook*) coas correspondentes actividades interactivas, acceso á páxina web do método (na que se inclúen actividades, as gravacións, os vídeos e a sección '*tips and tricks*'), busca de información en internet e o uso da aplicación *Augmented Reality App*.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Aprender a aprender centra a atención do alumno no que se espera deste para que aprenda inglés. Tamén se refire á habilidade para memorizar e autoavaliarse. Ambas habilidades están presentes en calquera proceso de aprendizaxe no que se lle pide ao alumno que forme hipóteses sobre a linguaxe, utilizando a abundante variedade de exemplos da vida real que se introducen nos textos.

Out & About desafia ao alumno para que se implique de forma activa no proceso de aprendizaxe ao manexar contido lingüístico. Presenta as regras lingüísticas de modo sutil para que o alumno faga as súas deducións e hipóteses de forma natural, baseándose nos principios de "gramática universal" intrínsecos á adquisición dunha lingua.

As unidades están salpicadas de "invitacións" a afondar na aprendizaxe de forma autónoma e a reflexionar sobre isto; e de maneira especial, a aprender evitando os erros típicos pola contaminación da lingua materna sobre a segunda lingua, o inglés neste caso. As caixas de texto co nome de *Tips* conteñen suxestións, consellos..., de moi diverso tipo: para afrontar tarefas (p.e., escoitar nun texto os conectores para comprender en detalle (Unidade 1)), para recordatorio

de pronuncia (p.e., nomes con dúas sílabas acostuman ter a sílaba tónica na primeira (Unidade 2)), para enriquecer o discurso (p.e., dar máis dun consello cando cho piden e, se non estás de acordo, explicar por que (Unidade 3)), para recordar vocabulario (p.e., *late* que se debe ter en conta que é tanto un adverbio como un adxectivo (Unidade 4)) e para mellorar a expresión escrita (p.e., usar un estilo formal ao escribir unha solicitude de traballo (Unidade 5)). As caixas de texto *False friend* permítenlle ao alumno traballar a diferenza entre léxico similar. Pola súa parte, as caixas de texto *Get it right* posibilitan o traballo específico para corrir os erros típicos que mencionabamos (p.e., a escritura da data en inglés e en castelán (Unidade 8)). Todos estes son contidos que precisan unha práctica continua para que se afiancen, de aí que ao final de cada unidade se inclúa unha sección de repaso (*Review*) e que cada dúas unidades se presente un *Term Review*, isto é, unha sección para repasar de maneira globalizada os contidos vistos nesas dúas unidades. A sección de *Review* tamén se inclúe detrás de cada unidade do *Workbook*.

Por outro lado, son numerosas as actividades que se presentan para que se realicen con un ou máis compañeiros. Está claro que a dimensión social é esencial para a aprendizaxe, non só porque se lle dea uso ao idioma senón tamén porque hai un enriquecemento xeral ao ver (e incorporar) os mecanismos de aprendizaxe que os iguais utilizan.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

As **competencias sociais e cívicas** consisten en descubrir e familiarizarse cos diferentes fundamentos sociais e culturais que existen no idioma inglés. Por outro lado, o respecto e outros valores refórzanse por medio do traballo grupal.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor quere dicir ser capaz de achegarse ao proceso de aprendizaxe de maneira autónoma ou, se non, cooperar con outros para completar calquera tarefa que se propoña.

Out & About anima ao alumno a traballar con autonomía, enalzando o seu sentido da responsabilidade e autoconecemento ao tempo que fomenta a creatividade e a imaxinación. Ademais, posto que a avaliación está estreitamente ligada co sentido crítico e os xuízos de valor pódense alcanzar a nivel individual ou de grupo, refórzanse tamén os valores do respecto, tolerancia e comprensión (cara a eles mesmos e cara aos seus compañeiros).

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

O descubrimento e o enriquecemento propio atópanse tras a **Conciencia e expresións culturais**. Esta competencia desenvolve a habilidade de comprender e avaliar de forma crítica as manifestacións culturais e artísticas. Ao igual que as competencias sociais e cívicas, esta competencia fortalece os valores humanos.

O enfoque metodolóxico de **Out & About** é interactivo e non é só que a comunicación en inglés xogue un papel crucial, senón que é tamén a lingua vehicular para impartir información sobre outras culturas e sociedades, así como os valores que as rexen. Á súa vez, isto axúdalle aos profesores a facer realidade no centro obxectivos educativos máis amplos. Ao longo do curso, abránguense unha gran variedade de temas culturais e artísticos por medio de diferentes actividades.

Co obxecto de fomentar as competencias cultural e social, **Out & About** presenta actividades relacionadas con aspectos do mundo angloparlante nas que a cultura e a arte xogan un importante papel.

O principal obxectivo de **Out & About** é a adquisición do inglés e a súa cultura. Esta lingua serve despois como instrumento para facer xuízos con valores coherentes sobre calquera manifestación do idioma inglés, xa sexa oral ou escrito. Grazas á ampla gama de actividades que presenta **Out & About**, a adquisición das sete competencias queda asegurada.

As competencias en *Out & About*

As competencias desenvolvéronse de forma extensa ao longo de todas as unidades, así como nas de repaso. Pódense atopar na sección **Desenvolvemento das unidades didácticas**.

Neste documento indícanse unha serie de **descriptores** para a consecución e avaliación de cada unha das competencias, atendendo ao desenvolvemento cognitivo e habilidades dos alumnos desta idade, e asociadas ás características desta materia neste curso.

Os **descriptores de competencias** que establecemos para esta materia e ciclo son os seguintes:

Competencia dixital

Obtén e elabora información en Internet para a resolución de tarefas en inglés.

Realiza presentación e proxectos de certa extensión en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais.

Estuda e practica o inglés en soporte dixital, relacionándose en ámbitos anglo-parlantes.

Utiliza as TIC para establecer relacións sociais noutros países no ámbito persoal, académico ou profesional.

Competencia sociais e cívicas

Participa en actividades grupais con respecto e interese, cunha actitude proactiva e colaborativa.

Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros e argumentando os seus propios.

Valora e practica o uso do inglés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas.

Interésase por e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos do seu contorno.

Conciencia e expresións culturais

Utiliza elementos e técnicas artísticas de certa complexidade na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións.

Identifica aspectos culturais dos países anglosaxóns e compáraos de forma crítica cos seus mostrando respecto e interese.

Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento de forma autónoma.

Aprender a aprender

Identifica, planifica e aplica con corrección e sistematicidade os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos.

Utiliza ferramentas e recursos de forma autónoma para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros.

Mostra interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora.

Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Identifica e aplica as estratexias máis adecuadas para realizar as súas tarefas de forma autónoma.

Mostra unha actitude proactiva e positiva na lectura de textos de tipoloxía variada de forma autónoma.

Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación en distintos formatos.

Toma conciencia das consecuencias das súas decisións e é consecuente con elas.

3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

Concreción dos obxectivos para o curso. Relación entre os obxectivos de etapa, os criterios de avaliación e os contidos.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, define o currículo como o conxunto de **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa; as **competencias**, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias; a **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os **estándares e resultados de aprendizaxe** avaliáveis; e os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

Os obxectivos xerais fan referencia ás habilidades que o alumno debe desenvolver en todas as áreas:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu

contorno social.

- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe :

Estándares de aprendizaxe avaliable	
<p>Segundo o RD 1105/2014, no seu artigo 2, define os estándares de aprendizaxe avaliables como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas comparables.</p> <p>O Artigo 13 da Resolución do 27 de xullo de 2015 establece que as programacións didácticas deberán concretar, para cada estándar de aprendizaxe, a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e o procedemento e os instrumentos de avaliación.</p> <p>Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.</p>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º Bacharelato	DESCRITORES 2º Bacharelato
<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal. • Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates. • Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista dos seus interlocutores, así como algúns sentidos implícitos e matices. • Comprende, nunha conversa formal no ámbito académico ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos. • Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade. • Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación. 	<p>ESCOITAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional. • Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais. • Identifica as ideas principais e información específica e relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias. • Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa
<p>Bloque 2. Produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita. • Fai presentacións ben 	<p>FALAR / CONVERSAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realiza presentacións orais de certa duración e ben estruturadas sobre temas académicos e responde ás preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.

<p>estructuradas e de certa duración sobre temas do seu interese académico ou relacionados coa súa especialidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante estas; expresa con convición crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos. <ul style="list-style-type: none"> • Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional. <ul style="list-style-type: none"> • Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. <ul style="list-style-type: none"> • Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás no ámbito persoal, académico e profesional de forma correcta. • Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais achegando información específica, opinións persoais e xustificacións dos seus argumentos. • Exprésase correctamente en conversas de carácter persoal, académico ou profesional nas que participa, utilizando estruturas ben definidas e unha pronuncia clara.
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal, académico ou profesional • Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs. • Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. • Comprende os detalles relevantes e as implicacións en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos. • Entende, en textos de referencia e consulta, tanto en soporte papel como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos 	<p>LER</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identifica a información relevante e implicacións de instrucións, indicacións ou normas de certa extensión e complexidade. • Comprende detalles específicos e implicacións de textos en diferentes soportes. • Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes. • Localiza información específica en material de referencia e estudo para as súas tarefas e traballos de investigación. • Entende a idea xeral, información esencial e detalles máis relevantes de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes. • Valora a lectura como fonte de pracer e

<p>académico ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprende a información, e ideas e opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos. • Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios. 	<p>de coñecemento.</p>
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade ou menos habituais desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. • Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. • Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral. • Escribe o seu currículo detallado xunto cunha carta de motivación. • Toma notas, co suficiente detalle, durante unha conferencia, charla ou seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas. • Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais. • Escribe correspondencia persoal e comunícase con seguridade en foros e blogs resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. • Escribe cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas 	<p>ESCRIBIR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplica estratexias de produción para a redacción de textos con información detallada e de certa extensión. • Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información detallada de carácter persoal, académica ou laboral. • Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais. • Escribe textos de certa extensión sobre temas concretos e abstractos, utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.

nas que dá e solicita información; describe a súa traxectoria académica ou profesional e as súas competencias; e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e plans.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

- Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.
- Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.
- Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.
- Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos.
- Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos.
- Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.
- Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.
- Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.
- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Básicamente trataranse as unidades contidas no libro do seguinte xeito:

1º Trimestre: Revisión contidos 1º bacharelato e Unidade 1

2º trimestre: Unidades 2, 3 e 4

3º trimestre: Unidades 5 e 6

Ao tratarse dunha asignatura acumulativa, tanto os contidos mínimos gramaticais coma os de vocabulario de 1º de bacharelato formarán tamén parte dos contidos mínimos de 2º. Fárase unha revisión exhaustiva a principio de curso e unha vez revisados, daranse por aprendidos.

De tódolos xeitos, os contidos subliñados serán os preferentes mínimos en cada trimestre.

- O Sustantivo. Formas e Usos. Contables e incontables. Prefixos e sufixos. Nomes compostos
- O Adxectivo. Formas e Uso. Posesivos, demostrativos e calificativos. –Ed/ -ing adjectives.
- Estructuras comparativa e superlativa. Prefixos e sufixos. Adxectivos compostos.
- O Pronome. Formas e Usos. Personais Suxeito/ Obxecto, posesivos, demostrativos, relativos, interrogativos e indefinidos.
- O Determinante. Formas e Usos. Artículos e partitivos.
- O Adverbio. Formas e Usos. A correcta utilización cos diferentes tempos verbais.
- A Preposición. Formas e Usos. A expresión de lugar, modo, tempo, instrumento...
- Phrasal Verbs. Verbos con preposición. Adxectivos con preposición.
- Formación de Familias de palabras a través de prefixos e sufixos.
- Dominio dos seguintes tempos verbais: Present Simple/ Present Continuous; Past Simple/ Past Continuous; Present Perfect Simple/ Present Perfect Continuous; Past Perfect Simple; Future Simple/ Future Continuous/ Future Perfect; Be going to; Conditional Simple/ conditional Perfect; Imperativo.
- Modais e modais perfeitos : Can, Could, Shall, Should, Ought to, Will, Would, Used to, May, Might, Must, Have to e Need.

- Voz pasiva: Formas e Usos cos diferentes tempos verbais e modais. Pasiva co complemento directo e indirecto e pasiva impersonal. Have Causativo.

- Estilo Indirecto: Formas e Usos. Diferencias entre estilo directo e indirecto. Transformacións de frases enunciativas, órdenes e peticións, preguntas yes/no questions e wh- questions e suxerencias. Uso de verbos introductorios.

- A Oración Simple: Dominio das formas e usos en frases afirmativas, negativas e interrogativas. Uso correcto de auxiliares.

- A Oración Composta: Coordinación e Subordinación. Uso correcto das conxuncións aprendidas e revisadas ó longo do curso.

- Oracións Subordinadas Sustantivas: That clauses, Infinitivo.

- Oracións Subordinadas Adxectivas de Relativo. Defining/ Non defining. Uso adecuado dos pronomes relativos en cada unha delas. Omisión do relativo. Relativos con Preposición.

- Oracións Subordinadas Adverbiais Condicionais (Tipo 1, 2, 3 con *If* e *Unless*) e Wish Clauses: *Wish* e *If Only*.

- Oracións Subordinadas Adverbiais: Temporais (when, while, etc), de Lugar, Concesivas (although, whereas, etc.), Causais (because, etc.), Consecutivas (so...that, etc.), Finais (in order to, etc.)

- Xerundio e Infinitivo. Formas e Usos.

- Make, Do e Take: Collocations

- Easily Confused words e false friends

- Comprensión correcta de textos de nivel UPPER-INTERMEDIATE ou ADVANCED acerca de temas incluídos no libro de texto e noutros con temas de carácter xeral.

- Elaboración e produción de respostas axeitadas sobre os contidos dos textos seguindo o modelo de exame ABAU que estea vixente.

- Dominio das estruturas sintácticas estudadas coma obxecto de exame.

5. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

Fundamentación teórica

Out & About é un método de ensino do inglés para Bacharelato, deseñado para a consecución dos obxectivos marcados polo currículo desta etapa e para asegurar unha adecuada preparación de cara ás probas que esperan ao alumnado ao final da etapa, a Avaliación Final de Bacharelato e a Proba de Acceso á Universidade (PAU). Sen dúbida, o método proporciona unha sólida formación lingüística e permite o desenvolvemento de habilidades para afrontar os exames, pero tamén axuda a preparar aos estudantes para a súa transición ao mundo adulto ao que se encamiñan.

Pensando no Bacharelato e nas diferentes probas finais, **Out & About** presenta, por un lado, un currículo gramatical claro e minucioso, cuxo desenvolvemento se fundamenta en proporcionarlle ao alumnado numerosas oportunidades de práctica activa e en ofrecerlle seccións de referencia para estudo ou repaso. Por outro lado, as preguntas que acompañan aos textos deseñáronse axustándose aos modelos que se utilizaron en PAU celebradas ata a data e as actividades de escritura (*writing*) acompañanse dunha detallada guía paso a paso para que o alumno desenvolva exitosamente os típicos textos que se solicitan nestes exames (correos electrónicos, ensaios...). E por se isto non bastara, ao final dun dos materiais (ver máis abaixo) ofrécese un banco de exames simulados para aumentar a práctica.

E pensando na mellor preparación para o mundo adulto coidouse con esmero a selección dos temas arredor dos cales xiran as unidades. Así, preséntanse situacións delicadas ou perigosas, fálase da tecnoloxía e reflexiónase sobre as implicacións do seu uso, discútense sobre os medios de comunicación... Como pode apreciarse, temas que están no foco de interese dos nosos rapaces, aos que se invita a analizar as diferentes cuestións, a dar a súa opinión ao respecto, a desenvolver un espírito crítico e autocrítico, e a debater aberta e respectuosamente. Merece especial atención a sección *Life Skill* que incorporan todas as unidades. Nela os estudantes deben identificar un problema real, suxiren solucións e deben esforzarse por adoptalas para a súa propia vida. Todo iso sen esquecer a crecente necesidade de que os adultos de mañá se encontrarán con numerosas situacións, tanto persoais como profesionais, nas que deban desenvolverse oralmente en inglés. Neste sentido, o método soubo atopar un afortunado equilibrio entre o desenvolvemento das habilidades escritas (*reading e writing*) e o das habilidades orais (*listening e speaking*). Así, aínda que hai páxinas dedicadas ao traballo específico de cada unha das habilidades, tamén encontraremos oportunidades para traballalas de xeito combinado: actividades de comprensión e expresión oral en páxinas de comprensión lectora, actividades de expresión oral en páxinas de comprensión oral e actividades de lectura en páxinas de expresión escrita.

Out & About está deseñado para satisfacer, combinando rigor e flexibilidade, por un lado, e dinamismo e motivación, por outro, as necesidades de alumnado e profesorado. Tendo en conta, ademais, que nos atopamos nunha etapa propedéutica: habilita para o acceso á formación profesional de grao superior ou á universidade. En ambos casos presuporase que o alumno chega cunha sólida formación en lingua inglesa: contidos gramaticais consolidados, riqueza de vocabulario, capacidade comunicativa suficientemente desenvolvida, etc. O que non quita, desde logo, para que os estudantes asuman que non é un punto e final da aprendizaxe dunha lingua senón un fito máis dun proceso que ha de durar toda a vida (non esquezamos que este é un dos principios fundamentais do Marco Europeo de Referencia para as Linguas).

Entre os **aspectos** máis significativos deste método destacan:

- A clara presentación dos obxectivos: o alumnado sabe que é o que debe aprender na unidade que comeza.
- Un deseño xuvenil que dá corpo a unha temática cuidadosamente seleccionada, de maneira que o conxunto resulta atractivo e motivador para o alumnado.
- Abundante material de traballo/práctica para o alumnado.
- Un non menos abundante material para o profesorado, de forma que se facilita enormemente axustar o seu labor docente á diversidade do alumnado, por un lado, e ás esixencias da etapa, por outro.
- Unha abordaxe bastante holística ou integradora das habilidades lingüísticas.
- A provisión de numerosas oportunidades de práctica, incidindo na idea de que o alumno é o propio responsable da súa aprendizaxe, isto é, que se busca a súa complicidade na dedución de regras gramaticais, no desenvolvemento dun amplo vocabulario, na incorporación de procesos para a redacción de diferentes tipos de textos, etc.
- A profusión de elementos complementarios que facilitan a aprendizaxe (*Tips, Get it right!...*) pois continuamente permiten o sinalamento de matices a ter en conta ou de erros típicos que se han de corrixir.

En definitiva, **Out & About** permítenos unha revisión exhaustiva das aprendizaxes realizadas en etapas anteriores, o que facilita a súa consolidación, pero ao mesmo tempo incorpora novos elementos lingüísticos, o que unido a unha intensa práctica enriquece o uso da lingua inglesa e fai que o alumnado perciba o seu inmenso potencial, tanto a nivel persoal como profesional.

Que achega *Out & About*

Os materiais de *Out & About* ideáronse partindo da premisa de que os alumnos non son simples aprendices da lingua. Considéraselles, en todo momento, exploradores que investigan en cada un dos aspectos do seu proceso de aprendizaxe.

Como se indicou máis arriba, *Out & About* é un método de ensino do inglés cunha orientación claramente práctica: apréndese usando e o que non se usa esquecese. É por iso, insistimos, que o alumnado atopará numerosas propostas de traballo, iso si, nun formato suficientemente aberto como para chegar alá onde cada un se propoña ou as súas capacidades ou habilidades lle permitan.

Prestouse moita atención á motivación, sendo conscientes de que non hai mellor motor para a aprendizaxe. Así, coidouse a temática (*topics*) sobre a que traballar en cada unidade:

- *Unit 1*: viaxar.
- *Unit 2*: o medio ambiente.
- *Unit 3*: a saúde.
- *Unit 4*: contos e historias.
- *Unit 5*: emprendemento.
- *Unit 6*: entretemento.

De igual maneira, hai esmero no deseño, isto é, o que ten que ver desde o formato da páxina ata os contidos das imaxes, pasando por debuxos, cores, etc. O alumnado realizará un intenso traballo pero conséguese que o faga case sen decatarse, dunha maneira moi natural e comfortable.

Por outro lado, a metodoloxía é clara. As unidades estrutúranse de forma que a dinámica se repite pero, como dicimos, non se cae na rutina grazas á diversidade inherente a cada unidade, que permite á súa vez atender á diversidade de intereses do alumnado, aos seus distintos estilos e/ou ritmos de aprendizaxe, e ás súas expectativas. A Programación de Aula que acompaña a esta Programación Didáctica ofrécelle unha inestimable axuda ao profesor de cara á mellor planificación das súas sesións.

Iso si, é esencial o labor do docente como guía da aprendizaxe. Para iso debe coñecer moi ben os contidos e oportunidades que ofrece o método; desta maneira irá ofrecendo en cada momento aquilo que resulte máis idóneo. Cando o alumno percibe que o seu profesor sabe ben o que está facendo e por que o está facendo, non só se sentirá seguro senón tamén motivado. Ademais, o profesor debe procurar que na aula se xere unha atmosfera de traballo adecuada; logralo pasa unha vez máis por ofrecer tarefas, actividades, etc., adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe e tamén porque exista un clima de respecto, básico para que teña cabida a diversidade de producións (orais e escritas) propia dun grupo-clase. Non se lle está pedindo ao profesor que sexa tamén psicólogo, simplemente que teña uns bos coñecementos de didáctica e que os poña en práctica.

En liña co anterior, o **profesor** adopta o papel de **orientador e facilitador** da aprendizaxe por medio de actividades en parellas, en grupo e role plays. As actividades de comunicación deste tipo proporcionanlle ao alumno a oportunidade de traballar independentemente, sen o profesor. Neste tipo de actividades, o profesor mantense relativamente á marxe da actividade e supervisa e intervéen cando o considera necesario.

Out & About ofrece un maior número de actividades produtivas coas que os alumnos poderán desenvolver as súas destrezas de Expresión escrita e oral (*speaking and writing skills*), á vez que sigan desenvolvendo a súa comprensión auditiva e lectora (*reading and listening skills*).

Outro aspecto importante do método *Out & About* é que está pensado para alumnos hispanofalantes. Así, débense mencionar as seguintes características ou materiais do método:

- *The Common Mistakes at Bacharelato*: trátase dun caderniño que acompaña ao Libro do Alumno no que se destacan os típicos erros que cometen os estudantes hispanofalantes no proceso de aprendizaxe da lingua inglesa, tales como dobres consoantes, confusións léxicas (p.e., *why* en lugar de *because*, ou a diferenza entre *all* e *everyone*), etc. Inclúe exercicios prácticos para consolidar a corrección do erro e tests que permiten verificar a aprendizaxe.
- *False friend*: son caixas de texto nas que se dirixe a atención do estudante cara a palabras que son frecuentemente confundidas entre inglés e castelán ou galego; a dinámica consiste en traducir oracións en inglés que conteñen estas palabras ao castelán ou galego. No Libro do Alumno inclúense varias páxinas que aglutinan o traballado ao longo das unidades.
- *Get it right*: estas caixas de texto destacan os típicos erros en relación coa gramática e o vocabulario.
- *Pronunciation*: as tarefas incluídas nesta sección están especificamente deseñadas para traballar de

maneira orixinal e divertida aspectos da pronuncia e da prosodia que son especialmente custosos.

Ademais, **Out & About** inclúe unha serie de elementos claramente diferenciadores:

- *Vox-pop videos*: trátase de gravacións de vídeo interpretadas por rapaces anglofalantes que falan sobre as súas vidas, as súas formulacións e tamén de breves documentais. As primeiras ofrecen o modelo para traballar de maneira moi rica tarefas de expresión oral e os segundos permiten afondar en certos temas e habilitar así un debate enriquecedor.
- *Life Skill*: como quedou dito, trátase dunha sección presente en cada unidade deseñada para que o estudante desenvolva habilidades (*skills*) ou estratexias adecuadas para afrontar diversas situacións máis ou menos críticas, que se lles poden presentar en calquera momento da vida. Para traballar de maneira máis profunda a habilidade en cuestión, preséntase a cuestión na unidade e complementase cunha páxina que desenvolve o traballo, con tres bloques de tarefas (*Understanding the skill, Thinking further e Skills for life*) máis un cadro no que se ofrecen dez ideas (*tips*) a modo de suxestións ou consellos.
- *Streetwise*: son caixas de texto que poñen o foco na linguaxe natural ou coloquial que aparece nos textos e ao que normalmente non se dedica unha atención tan específica. Constitúen un magnífico recurso de aprendizaxe pois ben é sabido que o coloquial, en tanto que próximo, sempre xera especial motivación no alumnado.
- *Tip*: neste caso as caixas de texto ofrécenlle ao alumnado estratexias concretas para mellorar as habilidades lingüísticas ao tempo que lle proporcionan oportunidades para poñelas en práctica.
- *Idioms*: trátase dunha sección presente nas páxinas de *Listening* que permite a aprendizaxe de expresións comúns en lingua inglesa.
- *Phrasal verbs*: dedícase especial atención a este apartado, un dos especialmente complexos se non se acompañan dunha intensa práctica, o que se leva a cabo na páxina de *Vocabulary*.
- *Exam Practice*: inclúense ao final do libro do alumno exames de preparación da PAU que poden ser usados ben durante o curso ou durante as semanas anteriores e de preparación ao exame. Están compostos por:
 - Exam Practice Reading: seis páxinas, correspondentes cada unha a unha unidade, con exercicios similares aos realizados na PAU, e válidos en todas as comunidades autónomas.
 - Exam Practice Listening: seis páxinas, correspondentes cada unha a unha unidade, con dúas actividades cada unha. Na primeira os estudantes teñen que identificar e entender o vocabulario clave e na segunda os estudantes teñen que elixir a resposta correcta nun exercicio de opción múltiple.
 - Exam Practice Speaking: seis páxinas, correspondentes cada unha a unha unidade, con catro actividades distintas (dar información persoal, describir fotografías, falar cun compañeiro e un debate). Algunhas das actividades seguen o formato do exame da Universidade de Cambridge *First Certificate* (FCE).

E por suposto, **Out & About** presta especial consideración, pola súa importancia e a influencia na aprendizaxe do inglés, á diversidade cultural, lingüística e étnica da escola actual no noso país.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos

Compoñentes do curso

Out & About consta en esencia dun Libro do Alumno (*Student's Book*) e un Caderno de Actividades (*Workbook*), pero como se indica a continuación os materiais e recursos son moitos máis.

- **Libro do Alumno (*Student's Book*)**.

O **Libro do Alumno** consta de 136 páxinas a toda cor e divídese en 6 unidades principais, cada unha delas con 12 páxinas. A unidade ábrese cunha portada na que se enumeran os obxectivos que se propoñen; unha foto que ocupa case toda a páxina axuda a contextualizar a temática da unidade, para o que se propón unha actividade aberta

claramente motivacional. Tamén presenta os vídeos que están dispoñibles para usar durante o traballo pedagóxico de cada unidade.

En cada unidade encontraremos as seguintes seccións:

- Dúas páxinas dedicadas á comprensión lectora (*Reading*) que inclúe un apartado específico para traballar os *phrasal verbs*.
- Unha páxina para abordar a comprensión oral (*Listening*). Inclúe un apartado para abordar a aprendizaxe de frases feitas (*Idioms*).
- Unha páxina para traballar a expresión oral (*Speaking*) e na súa marxe dereita inclúese o apartado *Life skill* do que falamos no punto anterior.
- Dúas páxinas para traballar a expresión escrita (*Writing*) nas que se inclúen actividades específicas para mellorar esta habilidade (*Writing builder* e *Improve your writing*) e unha guía *step by step* específica para a redacción do tipo de texto escrito.
- Dúas páxinas de vocabulario (*Vocabulary*); nunha delas atoparemos un apartado para traballar de maneira específica algún aspecto concreto da pronuncia (*Pronunciation*).
- Dúas páxinas de gramática (*Grammar*). Nalgunha unidade un apartado de *Pronunciation* pode tamén incluírse aquí.
- A última páxina facilita a revisión de todo o aprendido na unidade (*Review*).

Ademais, o libro inclúe o seguinte:

- Cada dúas unidades ofrécense dúas páxinas para repasar o traballado ao longo desas unidades, *Review*, o que acostuma coincidir cun trimestre do curso,
- Seis páxinas nas que se desenvolven os contidos dos correspondentes nove apartados de *Life skill*.
- 15 páxinas que condensan todos os contidos gramaticais e de vocabulario (*Language reference*)
- Seis páxinas para afondar no traballo de expresión escrita (*Writing guide*) desenvolto nas unidades. Unha vez máis, ofrécelle ao alumno todos os contidos nunha soa páxina.
- Cinco páxinas con 100 consellos para o exame.
- Dúas páxinas cun amplo listado de verbos irregulares.

E hai que destacar tamén, que co Libro do Alumno se presenta o cadernoño **Common Mistakes at Bacharelato**, o que, como xa se dixo, ofrece práctica extra para traballar os típicos erros na aprendizaxe da lingua inglesa por hispanofalantes. Ademais, inclúe tests para monitorizar a aprendizaxe e un solucionario que facilita a autonomía do alumno.

- **Caderno de Actividades (*Workbook*).**

Este material consta de 104 páxinas en branco e negro pensadas para que o alumno traballe de forma autónoma os contidos de cada unidade. Cada unidade preséntase ao longo de 10 páxinas, nove delas con exercicios para aumentar a práctica e unha décima páxina a modo de revisión (*Review*).

Ademais, o *Workbook* contén o seguinte:

- Modelos de exames (*Exam practice*): ofrécense dous modelos de exames diferentes (A e B) para cada unidade, consistentes nun texto e varias preguntas ou tarefas vinculadas a este (unha delas é sempre a redacción dun texto acorde ao tipo concreto traballado na unidade (ensaio, correo electrónico...)).
 - Seis páxinas para practicar as habilidades orais (*Listening & Speaking practice*) en liña co abordado en cada unidade. As gravacións de audio correspondentes pódense descargar de www.outandabout.es e as transcripcións inclúense nas páxinas finais do libro. [Na mesma páxina pódense descargar tamén o resto de gravacións de audio para os exercicios que as requiren]
 - Seis páxinas, unha por unidade, para afondar na adquisición/fixación de vocabulario (*Vocabulary builder*). Proporcionase e traballa vocabulario extra na sección *Extension*.
 - Unha páxina cunha listaxe alfabética de *phrasal verbs* e os seus significados.
 - Cinco páxinas cunha listaxe alfabética de palabras, unidade a unidade, que o alumno debe traballar intensamente de cara á PAU.
 - Unha páxina cunha ampla listaxe de verbos irregulares.
- **Digital Student book e digital workbook.**

Utilizados en pizarra dixital, podense usar online e offline nas diferentes plataformas escolares con múltiples recursos.

- **Augmented Reality App.**

Trátase dunha aplicación que permite, tras escaneo da portada de cada unidade, acceder a recursos multimedia no teléfono móbil ou na tableta.

- **Páxina web.**

Na páxina www.outandabout.es os alumnos atoparán recursos extra, gravacións, vídeos, actividades e a sección 'tips and tricks' (deseñada para que o alumnado poida usar o inglés no mundo real).

- **Selección de diferentes tipos de textos expositivos escritos**, artigos xornalísticos e/ou textos publicitarios, literarios e **textos modelo ABAU**.
- **Vídeos** para o estudo da linguaxe non verbal e o traballo sobre a linguaxe oral.
- **Páxinas web** como material complementario ou de referencia.
- **Uso habitual das TIC** tanto no traballo grupal como individual.
- **Gramáticas de Referencia** de Raymond MURPHY de Cambridge University Press: "Essential Grammar in Use" (máis básica) e "English Grammar in Use" (máis avanzada).
- **Diccionarios**
- **Libro de lectura só no 2º trimestre.**
- **UTILIZACIÓN DA AULA VIRTUAL DO CENTRO COMA COMPLEMENTO Ó ENSINO PRESENCIAL E FERRAMENTA FUNDAMENTAL NO CASO HIPOTÉTICO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL E/OU ONLINE.**

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais
<p>Prevense facer alomenos tres probas de conxunto ao longo do curso.</p> <p>Serán obrigatorias. En cada avaliación escolar trimestral se realizará alomenos unha.</p> <p>Directrices xerais: (4 skills)</p> <p>Cada proba conxunta incluírá comprensión escrita (Reading), expresión escrita (Writing), comprensión oral (Listening) e a proba de gramática (Grammar) que inclúe preguntas sobre tempos verbais, estruturas gramaticais e vocabulario.</p> <p>A destreza de expresión oral (speaking) non será avaliada de xeito formal ao longo dos dous primeiros trimestres. Nestes, de xeito informal e dentro do contexto de aula, fundamentalmente servirá como lanzadeira á unha práctica na que se pretende que progresivamente o inglés sexa a lingua máis usada na aula.</p> <p>Para isto, incentivaremos as explicacións en inglés e/ou plurilíngues, a participación de toda a clase fomentando tanto a expresión de xeito individual, coma por parellas e grupal.</p> <p>Na 3ª avaliación, haberá una proba específica para tal destreza.</p> <p>PROBAS:</p> <p>En cada avaliación ordinaria haberá un mínimo dunha proba escrita por trimestre que se dividirá en 2 partes, nas que se terá que acadar un mínimo de 5 en cada parte para poder aprobar. A nota final desta parte será a media entre ambas. <u>Non se fará media entre estas dúas partes cando calquiera delas non supere un mínimo de 3.5.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Esta proba escrita consistirá nun: <ul style="list-style-type: none"> - Exame escrito de gramática que avaliará a parte gramatical, de estruturas sintácticas e de vocabulario. Puntuación sobre 10 e apróbese cun 5 - Texto escrito modelo ABAU vixente. Estamos á espera de que o órgano competente, a CIUG, nos

indique as novas directrices para este curso.
Puntúa sobre 10 e apróbase cun 5

- No caso de que a **Proba de comprensión oral ou Listening** non se vexa incluída no novo modelo ABAU para este curso, realizarase igualmente **en todas as avaliacións pero contabilizarase coma proba aparte** e suporá un 10% da nota de cada avaliación.
- **Proba escrita do libro de lectura proposto SÓ para á 2ª avaliación** que suporá un 10% da nota de avaliación.
- No **3º trimestre** farase unha **exposición oral individual** que suporá un 10% da nota da 3ª avaliación.

Esta Presentación oral ou Speech consistirá na presentación oral presencial, por videoconferencia ou coa grabación dun vídeo, dun tema a escoller polo alumnado de entre os propostos pola profesora. Terá unha duración de ata un máximo de 3 minutos e un mínimo de minuto e medio. Poderá estar acompañada dun pequeno esquema e NUNCA poderá ceñirse só á simple lectura dun texto.

Poderá estar apoiada de todo tipo de soporte de audio ou de vídeo e se premiará a orixinalidade, presentación e exposición de ideas.

O alumnado terá que realizar todas as probas nas datas acordadas. En caso de ausencia dun alumno a un exame, éste só poderá facelo noutra data sempre e cando a ausencia sexa xustificada cun **xustificante legal**.

Os alumnos aprobados por avaliacións non terán que realizar ningunha proba final, aínda que **sí poderán presentarse voluntariamente a un exame especial para subir nota**. A nota que se contabilizará finalmente será a acadada máis alta.

Non se farán exames de recuperación para primeira e segunda avaliación por ser o inglés unha asignatura de avaliación continua. **O alumnado cunha ou dúas avaliacións suspensas deberá acadar un mínimo de 6 na terceira avaliación para dar por recuperada toda a materia por trimestres. No caso de non acadar o 6, este terá que presentarse á unha recuperación final ou Resit que se superará cun 5.**

Avaliación final

O alumnado aprobado por avaliacións non terá que ir á **recuperación final ou Resit**.

O alumnado poderá aprobar por avaliacións ou nun exame de recuperación final ou **Resit** que englobará dun xeito pormenorizado os contidos de todo o curso.

O formato deste exame final consistirá na realización das mesmas probas que en cada avaliación: **Exame gramatical + Texto modelo ABAU**

Irán á esta proba final de recuperación obrigatoriamente todos aqueles alumnos que tiveran algunha avaliación suspensa e/ou a última avaliación. Os alumnos con só unha parte suspensa na 3ª avaliación, poderán presentarse só a esta parte suspensa ou realizar as dúas probas completas.

Todos aqueles alumnos aprobados por avaliacións que así o desexen e que queiran subir nota poderán presentarse a un exame para tal fin. Neste caso se lles avaliará sempre pola nota acadada máis alta nos exames.

Para calcular a **nota final na avaliación ordinaria** tomaranse en conta as porcentaxes de todas as avaliacións do seguinte xeito:

1ª avaliación 20%

2ª avaliación 30%

3ª avaliación 50%

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistirá na realización da **proba gramatical (10 puntos), o texto modelo ABAU (10 puntos)** e o **Listening ou comprensión escrita (10 puntos)** no caso de que este non estea incluído pola CIUG no novo modelo ABAU.

Nas probas gramatical e texto modelo ABAU haberá que acadar unha **nota mínima de 5 para poder aprobar** e a **nota final desta parte será a media entre as dúas. Suporá un 90% da nota final e o Listening suporá un 10% da nota final.**

Na avaliación extraordinaria non haberá exame de libro de lectura nin exposición oral.

7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación
<p>O alumnado ten que realizar todas as probas nas datas acordadas. En caso de ausencia dun alumno a un exame, este poderá facelo outro día sempre e cando a ausencia sexa xustificada cun xustificante legal</p> <p>A cualificación obterase da seguinte maneira:</p> <p>A) NO SUPOSTO DE QUE O MODELO ABAU PARA ESTE CURSO CONTEÑA UN LISTENING:</p> <p>1º AVALIACIÓN: 90% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 45%, Exame modelo ABAU 45% 10% á presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación.</p> <p>2º AVALIACIÓN: 80% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 40%, Exame modelo ABAU 40% 10 % libro de lectura 10% á presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación.</p> <p>3º AVALIACIÓN: 80% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 40%, Exame modelo ABAU 40% 10 % exposición oral ou <i>Speech</i> 10% á presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación.</p> <p>B) NO SUPOSTO DE QUE O MODELO ABAU PARA ESTE CURSO NON CONTEÑA UN LISTENING:</p> <p>1º AVALIACIÓN: 80% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 40%, Exame modelo ABAU 40% 10% LISTENING 10% Presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación.</p> <p>2º AVALIACIÓN: 70% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 35%, Exame modelo ABAU 35% 10% LISTENING 10 % Libro de lectura 10% Presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación.</p> <p>3º AVALIACIÓN: 70% EXAMES ESCRITOS : Exame gramática 35%, Exame modelo ABAU 35% 10% LISTENING 10 % Exposición oral ou <i>Speech</i> 10% Presentación dos textos ABAU, exercicios e traballos requeridos ó longo de cada avaliación</p> <p>A actitude, atención, participación, traballo e esforzo persoal poderán matizar a nota final e se terá especialmente en conta na avaliación final ordinaria.</p> <p>Por avaliación, haberá un mínimo dun exame de gramática e vocabulario, unha proba modelo ABAU, un Listening no seu caso, unha proba escrita correspondente ó libro de lectura da 2ª avaliación, e unha presentación oral ou <i>speech</i> na 3ª avaliación. A cualificación do texto modelo ABAU será idéntica á da proposta pola CIUG.</p> <p>Será necesario para aprobar o curso ter unha cualificación de 5 na avaliación final.</p> <p>En casos excepcionais, a profesora poderá outorgar unha avaliación final positiva de 5 ao alumno/a que durante todo o curso amosase un esforzo e traballo constante, unha progresión positiva de coñecementos e presentase todos os traballos requeridos dende principios de curso. A non presentación de traballos, a non presentación ós exames, as respostas en branco de preguntas clave coma a redacción, non ler o libro de lectura obrigatorio, non facer a presentación oral obrigatoria ou o abandono da asignatura imposibilitarán por completo esta valoración.</p>

7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción
Será necesario, para aprobar o curso, ter aprobadas polo menos unha das dúas primeiras avaliacións e a terceira. Nalgúns casos o profesor podería outorgar unha avaliación final positiva ao alumno que durante todo o curso amosase unha progresión suficiente, e así o teña plasmado no seu traballo durante a última avaliación.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		

3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrix e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial
En setembro, a inicios de curso, realizaráselles aos alumnos unha proba escrita de nivel que permitirá detectar dende aos alumnos con máis dificultades ó alumnado con maior nivel. Deste xeito, poderemos dilucidar o tipo de material a traballar a maiores en cada caso.
Medidas individuais e colectivas
Revisión de exercicios para os alumnos con peores resultados na avaliación inicial e os que teñen suspensa a asignatura do curso anterior. Recomendación da profesora, p.e. coa utilización da plataforma <i>Reading and Writing Interactiva de Cambridge</i> e o pequeno libro de gramática engadido a este método que revisa os puntos máis problemáticos para os aprendices españois de inglés. Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programárase exercicios complementarios escritos e textos que dean conta dos contidos básicos esixidos para este curso e que lles axuden na preparación da convocatoria extraordinaria.

12. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade
<p>Educación significa facer o posible para que todos os alumnos alcancen o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, ademais, por suposto, de que superen os obxectivos curriculares establecidos. E isto significa ter que prestar unha esmerada atención á diversidade do noso alumnado. Está claro que cada persoa é diferente pero sabemos que os alumnos que precisan un maior esforzo de axuste pedagóxico son aqueles nos que se identificaron necesidades específicas de apoio educativo, que se categorizan nos seguintes grupos:</p> <p>a) os alumnos con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta;</p> <p>b) os alumnos con altas capacidades intelectuais,</p> <p>c) os alumnos que se integraron de forma tardía ao noso sistema educativo;</p> <p>d) os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe;</p> <p>e) os alumnos con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.</p> <p>Quitando o grupo de incorporación tardía, xa que a aprendizaxe da Lingua inglesa é en principio independente do sistema educativo, o resto de alumnos precisará, como dicimos, adecuacións que se axusten ás súas características individuais. Evidentemente, o conflito xorde en tanto estas adecuacións non poden entrar en colisión coa característica propedéutica da etapa: poderanse realizar por exemplo adaptacións metodolóxicas pero dificilmente se poderán rebaixar obxectivos e/ou contidos, salvo excepcións que se apuntan máis abaixo, cando o que se persegue é dotar ao alumno dunha formación sólida que lle permita afrontar estudos superiores. Tendo isto en mente, falaremos brevemente de cada perfil (asumindo que nos casos de alumnos nos que se dean conxuntamente máis dunha problemática a abordaxe didáctica se complica).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnos con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta. <p>A discapacidade pode ser de tipo físico (sensorial ou motora), intelectual ou estar relacionada cun trastorno da linguaxe. No primeiro caso, asóciase normalmente a un déficit significativo no aparato visual, auditivo e/ou motor. Por mor deste déficit o alumno terá maior ou menor dificultade para acometer algunha das habilidades lingüísticas (p.e., <i>listening</i> no caso dun hipoacúsico). Así as cousas, o profesor deberá, en primeiro lugar, modificar oportunamente os obxectivos e, en segundo lugar, adoptar as medidas metodolóxicas de acceso ao currículo, que serán unhas ou outras dependendo da discapacidade. Noutras palabras, adecuar o proceso de aprendizaxe ás peculiaridades do alumno (seguindo co mesmo exemplo, enfatizar a entrada visual, tendo en conta a deficiencia na vía auditiva), potenciando actividades, materiais, recursos, etc., que faciliten o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Dúas casuísticas de aproximación delicada son as dos alumnos con trastornos da linguaxe (TEL, expresivos e/ou comprensivos) e os alumnos con discapacidade intelectual. En ambos casos, cabe esperar que desde o Departamento de Orientación se realice a oportuna orientación académica e que xunto cos pais se valorase o oportuno ou non da súa matriculación na etapa de Bacharelato, polo que, como vimos dicindo, ten de propedéutica cara a estudos superiores.</p> <p>Por trastorno de conduta enténdese esencial, aínda que non unicamente, o relacionado co Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade. En todos os casos o profesor deberá adoptar medidas ordinarias que compensen</p>

dalgunha maneira as dificultades deste tipo de alumnado. De maneira breve, cabe mencionar: equilibrar unha adecuada rutina de clase cunha didáctica novidosa e motivadora, coidar a situación espacial do alumno, reforzar os éxitos, valorar o esforzo por encima dos resultados (coidando así a súa autoestima e a súa motivación), modificar as ferramentas de avaliación, etc. Se non existe desfase, non se deberán modificar os obxectivos. No caso de que exista desfase valorase a posibilidade de realizar adaptacións do currículo, tendo sempre presente as competencias que se han de alcanzar para poder promocionar e/ou titular.

- Alumnos con altas capacidades intelectuais.

O principal problema destes alumnos acostuma ser a desmotivación, froito da sensación de aburrimiento que supón afrontar actividades sobre aprendizaxes que xa teñen conseguidos. A tarefa do profesor consiste en implementar estratexias didácticas adecuadas (p.e., facilitar que lideren traballos en equipo ou permitir que participen nalgunhas explicacións como alumnos-axudantes...) e en ofrecer actividades que lle supoñan un reto ao alumno (actividades de ampliación ou enriquecemento, voluntarias ou non).

- Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.

No caso da aprendizaxe dunha lingua deberemos ter en conta as asociadas a un trastorno da aprendizaxe por dificultades na lectura (p.e., unha dislexia) ou por dificultades na expresión escrita. En calquera das dúas posibilidades, o profesor deberá ter en conta a concreción desas dificultades e compensalas vía adaptacións metodolóxicas. No caso de que estas se estimasen insuficientes enfrontariámonos ao dilema que vimos apuntando: o cuestionable de realizar adaptacións curriculares en tanto que suporían non cualificar ao alumno en relación co obxectivo preparador da etapa.

- Alumnos con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.

Este campo foi recentemente incorporado á lexislación vixente e dá pé a diferentes interpretacións. O Departamento de Orientación deberá determinar os alumnos que se recollen baixo este epígrafe (p.e., alumnos con epilepsia que incida negativamente na súa aprendizaxe) e determinar así mesmo a liña da intervención educativa.

7.2. Atención á diversidade en *Out & About*.

Tendo este abano de posibilidades presente, hai que apuntar que **Out & About** se ocupa da atención á diversidade no seu programa, estrutura e contidos. Como xa se mencionou anteriormente, o programa de **Out & About** é flexible. Ofrece puntos concretos e propostas xerais para axudar aos profesores a adaptar ese programa ao seu propio contexto: o centro, a súa aula e cada alumno.

Os contidos de **Out & About**, coidadosamente seleccionados, preséntanse dun modo atractivo e estimulante co obxecto de atender á diversidade. O curso atense a unha estrutura cíclica que lles permite aos alumnos ampliar os seus coñecementos con base no que xa saben e afondar máis nas áreas culturais ou lingüísticas novas ou de maior complexidade. Á súa vez, o complexo procedemento de avaliación contén criterios xerais que se deben elaborar e adaptar para cada grupo, establecendo obxectivos concretos, segundo o contexto do centro, o profesor e a clase. A profesora dispoñe de distintos instrumentos de avaliación e habilidades, así como de tarefas concretas. Ademais, é necesario establecer os contidos mínimos segundo as necesidades, capacidades e ritmo ao que aprenden os nosos alumnos.

É máis, para poder ocuparnos das **necesidades educativas** con éxito hai que fixarse nas **actividades, materiais e recursos** que se propoñen en **Out & About**. A gran maioría destas actividades pódense utilizar de modo personalizado e son abertas de modo que cada alumno pode responder de forma diferente, segundo a súa capacidade.

As actividades do Caderno de Actividades céntranse nos contidos clave de cada unidade. Poden utilizarse tanto para

aqueles alumnos que necesitan máis apoio como para os máis capacitados que terminan a tarefa inicial pronto. Cada alumno necesitará unha cantidade de tempo determinada, que dependerá en maior ou menor grao da súa motivación. A gran parte das actividades están pensadas para uso na aula, pero tamén se poden mandar de deberes a modo de reforzo. Como se mostra na táboa que aparece máis adiante, o mesmo material e/ou recursos pódense utilizar como apoio ou como ampliación, é dicir, cámbiase o obxectivo segundo corresponda. Por exemplo, unha sinxela pregunta sobre un texto pode servir de reforzo para os alumnos menos avanzados, pero tamén pode actuar como inspiración nunha actividade de ampliación na que se lles pida aos alumnos que pensen noutras palabras do mesmo campo semántico.

Así a profesora aproveite as habilidades dos alumnos de todas as formas que se lle ocorran. Pode suceder que un alumno que detesta falar goce escribindo vocabulario no encerado, mentres que a outros se lles dea ben debuxar ou confeccionar pósters.

Outro factor crucial é a metodoloxía que segue a profesora cos seus grupos en particular e, máis concretamente, cos alumnos que teñen dificultades de aprendizaxe. O máis importante con calquera tipo de tarefa é asegurarse de que se

levou a cabo unha correcta preparación previa, que os alumnos saben todas as palabras que van necesitar e que comprenden a finalidade da actividade. Se se lles dota aos alumnos coas ferramentas lingüísticas adecuadas que lles permitan realizar a actividade con éxito, teremos garantías de que a todos lles resulta suficientemente esixente e interesante. Sen a preparación necesaria, os alumnos poden sufrir unha experiencia de aprendizaxe negativa, o que os levará a perder confianza e a sentirse frustrados cunha actividade que esixe un grao de habilidade que non teñen.

Como se dixo anteriormente, a avaliación e a estimulación son cruciais para os alumnos, pero máis para aqueles que teñen necesidades educativas. Ao realizar unha actividade, débeseles dirixir para que atopen as respostas correctas en vez de facilitárllelas. Así, os alumnos sentiranse satisfeitos ao atopar a resposta correcta. Cada vez que un alumno calquera cometa un erro, hai que insistir en que cometer erros é parte do proceso de aprendizaxe e que non deben sentir vergoña por equivocarse.

As Actividades Extra de cada lección pódense utilizar cada vez que a profesora considere que os alumnos necesitan practicar máis certo vocabulario. Pódense utilizar esas mesmas actividades como ampliación para os alumnos máis avanzados, aínda que en ocasións haxa que modificar lixeiramente as instrucións. Ademais, no CD de Recursos do Profesor hai follas de ampliación ou reforzo do vocabulario e estruturas principais de cada unidade. Así mesmo hai follas de listaxes de palabras coas súas definicións para repasar e ampliar o vocabulario do alumno.

Non hai que esquecer que o repaso constante é outra parte importante do proceso de aprendizaxe que axudará en gran medida aos alumnos con necesidades especiais, así como ao resto do grupo. **Out & About** baséase nun sistema de repaso continuo, con diferentes xogos e técnicas para repasar o vocabulario estudado en cada unidade e en cada bloque de dúas unidades.

O CD de Recursos do Profesor, as actividades en Rede interactivas e o CD-ROM para encerrado dixital presentan máis materiais pensados para axudarlle ao profesor a atender ás distintas necesidades específicas coas que se atope na aula.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

Artigo 4. *Elementos transversais*

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a

prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Artigo 5. *Autonomía dos centros docentes*

1. Os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora

a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

3. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponda fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias da educación en valores e outras ensinanzas.

14. Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

Debido ás circunstancias pola COVID, estamos á espera de poder retomar a usual participación do voluntariado internacional da OMX de Ribadavia nas clases de 2º de Bacharelato.

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Realizase despois de cada avaliación un seguimento e unha reflexión sobre os resultados académicos dos alumnos e alumnas.

Adoptaranse as medidas oportunas para reorientar a práctica docente e así poder mellorar o seu rendemento académico.

Ao final de curso farase unha valoración crítica da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades didácticas.
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.
- Manexo dos contidos.
- Realización de tarefas.
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
- Recursos.
- Claridade nos criterios de avaliación.
- Uso de diversas ferramentas de avaliación.
- Atención á diversidade.